



## **O programa turístico de Boiro “*PASÉATE CON NÓS*” foi clausurado o pasado venres cumprindo xa 10 anos**

*O Alcalde quixo agradecer a colaboración a todos os guías voluntarios do programa aos que reuniu nun xantar e lle agasallou cun plato de alfarería de Buño deseñado expresamente para conmemorar os 10 anos do programa.*

Dende o ano 2006 cada verán contamos en Boiro co programa *Paséate con Nós*, unha iniciativa turística e participación cidadana que funciona con gran éxito.

O obxectivo perseguido con este proxecto é a implicación e participación das persoas maiores no desenvolvemento turístico do territorio local, para o cal un grupo de voluntarios, todos eles xubilados descubren, mediante visitas guiadas, os principais atractivos aos visitantes.

Do 11 de xullo ao 16 de setembro: Visitas ao muíño de río en Bealo da máñ de José García, a construción de nasas como arte de pesca con Benigno Fernández, visitas ao porto mexilloeiro e o mundo das bateas en Cabo de Cruz das que se encarga José Fontaine, o marisqueo con Carmen e Marisa na cooperativa de Abanqueiro ou a visita ao asteleiro tradicional de barcos de madeira guiada por Benigno Sánchez son as actividades nas que se poden recrear os visitantes.

Destacar o aumento considerable neste ano 2016 no que as visitas alcanzaron case os 500 visitantes.